

PRIMEIRO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE TUBA

A proba de acceso de instrumento a calquera curso do grao medio consistirá na interpretación de tres obras (unha delas de memoria) dunha lista que se propón, con acompañamento de piano.

O alumno deberá ir acompañado dun pianista para a proba, aportando dito alumno.

No suposto de que o alumno non dispoña dalgunha destas obras, poderá presentar ó tribunal outras da mesma dificultade e aquel deberá dar a súa aprobación. Polo tanto esta listaxe é orientativa.

O alumno deberá aportar para a proba material orixinal.

OBRAS ORIENTATIVAS

O Isis and osiris.....W.A.Mozart

Divertimento.....Haynd

Recitative song and chorus.....H.Purcell

Largo y Presto.....B.Marcello

Apres un Revé.....G.Fauré

Egotistical elephant.....D.Hartzell

PARTE II

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata dúas alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4^a en compás regular.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.